

Asunto: Cambio de lugar de celebración do Nadal lúdico 2022 para os nenos/as de infantil do Milladoiro.

O 13/10/2022 mediante o Decreto 3223/2022, resolveuse iniciar o prazo de inscrición para o servizo de conciliación da vida laboral e familiar do Concello de Ames Ames “Nadal Lúdico 2022”.

Así mesmo, no resolvo segundo de dito decreto informábase que os lugares habilitados no Milladoiro para a celebración de dito programa eran a escola de educación infantil de Milladoiro (EEI Milladoiro) e o CEP de Ventín, o primeiro para os alumnos escolarizados nalgún dos niveis de educación infantil e, o segundo, para os nenos/as escolarizados nalgún dos niveis de educación primaria.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, desde a dirección da escola infantil de Milladoiro informásenos de que durante o Nadal vanse realizar obras no pavimento interior do colexio que imposibilitaran o seu uso, polo que non será posible levar a cabo o nadal lúdico en dito centro tal e como estaba previsto.

Tendo en conta o anterior, no Milladoiro, para os nenos de infantil que houberan solicitado e sexan admitidos no servizo Nadal Lúdico 2022 habilitarase tamén o CEP de Ventín en substitución da EEI Milladoiro.

Por conseguinte, os lugares habilitados no Milladoiro para a celebración do Nadal lúdico 2022, tanto para os nenos/as de infantil como os de primaria será o CEP de Ventín.

O concelleiro delegado de educación
David Santomil Mosquera